

**Resolución da Presidencia  
Expediente 5487/2019**

Visto o expediente para a conformación dunha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de Xefe/a da Policía Local de Cambados.

Vista a proposta do Tribunal Cualificador de 08.11.2019 que determinou a puntuación dos méritos dos aspirantes presentados emitíndose proposta de creación de lista de acordo coa seguinte orde de preferencia de chamamento,

- 1.Falcón Guerra, Alejandro
- 2.Otero Padín, Santiago
- 3.Pontevedra Riveiro, Agustín

En uso das competencias atribuídas pola lexislación vixente en materia de xefatura superior do persoal municipal,

**RESOLVO:**

1.Crear a lista de reserva para a cobertura temporal do posto de Xefe/a da Policía Local e pola seguinte orde de chamamento:

- 1.Falcón Guerra, Alejandro
- 2.Otero Padín, Santiago
- 3.Pontevedra Riveiro, Agustín

2.Establecer o seguinte funcionamento da lista de reserva consonte as Bases do proceso selectivo:

*“Oitava. Funcionamento da lista de reserva*

*Cando sexa necesario proceder a un chamamento ofertarase en primeiro lugar aos/ás aspirantes que obtivesen a maior puntuación no proceso selectivo, notificándose mediante calquer medio válido en dereito e outorgándose prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao posto ofertado, así mesmo tentarase comunicar por teléfono coa finalidade de acurtar os prazos.*

*Cando se produza o cesamento dun integrante da lista, este reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.*

*Novena. Renuncias*

*Con carácter xeral a non aceptación ou renuncia a unha cobertura dará lugar as seguintes medidas:*

*-Primeira renuncia: Tres meses de exclusión.*



*-Segunda renuncia: Seis meses de exclusión.*

*-Terceira renuncia: Exclusión definitiva da lista.*

*A renuncia non será causa de exclusión da lista, nin temporal nin definitiva, cando o aspirante xustifique que se atopa en situación de incapacidade temporal.*

*Décima. Lista de espera*

*Os restantes candidatos aprobados, pola orde da puntuación obtida, poderán ser chamados no caso de que o primeiro non acepte o nomeamento ou cando por calquera outra causa se revoque o nomeamento deste, e así sucesivamente.*

*A lista terá unha vixencia de **2 anos**, contados desde o día seguinte ao do nomeamento do primeiro aspirante cando conorra algunha situación de necesidade.*

*Decimoprimeira. Cesamento*

*O cesamento do persoal producirase, ademais de polas causas que determinan a perda da condición de persoal funcionario de carreira, cando conorra algunha das seguintes circunstancias:*

- a) Resolución da convocatoria pública do posto, no caso de vacante.*
- b) Reincorporación do titular do posto, no suposto de substitución transitoria deste.*
- c) Incumprimento sobrevido dos requisitos esixidos para o desempeño do posto.”*

**3. Ordenar a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Edictos do Concello.**

Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Non obstante, o interesado tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime procedente con arranxo a dereito.

O que lle traslado para o seu coñecemento e efectos.

**Cambados**  
(Asinado dixitalmente á marxe)

